



**SESION EXTRAORDINARIA**  
**DO PLENO DA CORPORACION**  
**CORRESPONDENTE O DIA 29 DE ABRIL DE 2.019**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e cinco minutos do día vinte e nove de abril de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, coa asistencia de D. José Vidueira García do PSdeG, e coa *ausencia* de D. Jose Antonio Carracedo Ramírez do grupo municipal do BNG, dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 01/04/2019.**

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 01/04/2019

**2º.- INFORME INTERVENCIÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE REDUCCIÓN DE DÉBEDA EXERCICIO 2018 Ó ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 3.6 DA LEI 18/2014 DO 15 DE OUTUBRO DE MEDIDAS URXENTES PARA O CRECEMENTO, A COMPETITIVIDADE E A EFICIENCIA.**

Por parte do Secretario-Interventor deuse conta ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento do Plan de Reducción da Débeda Municipal sinalando o seguinte:

Segundo o disposto no articulo 3.6 da Lei 18/2014 do 15 de outubro de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia elévase para coñecemento do Pleno da Corporación e remisión ao Ministerio de Facenda o presente informe anual de cumprimento dos obxectivos sinalados no PLAN DE REDUCCIÓN DE DÉBEDA aprobado polo Concello da Mezquita.

Aprobada a liquidación do Orzamento de 2018 e estando en tramitación a conta Xeral do mesmo exercicio 2018. Aprobado en tempo e forma o Orzamento para o exercicio 2019 podemos comprobar a evolución da carga financeira do Concello da Mezquita en base ao seguinte cadro que reflicte a débeda viva e as previsións do PRD

EJERCICIO	INGRESOS ORDINARIOS DRN	GASTOS ORDINARIOS ORN	PREVISIONS PRD %	DÉBEDA VIVA A 31-12 LIQUIDACION APROBADA	CUMPRIMENTO
2014	753.934,00	594.627,00	105% 748.458,41€	92% 694.300,00€	<b>NON CUMPRE</b>
2015	770.492,81	761.833,77	91,59% 652.445,25€	99,6% 652.445,25€	<b>NON CUMPRE</b>
2016	806.534,89	783.380,18	78,11% 556.401,96€	85,7% 691.041,74€	<b>NON CUMPRE</b>
2017	1.057.695,74	758.629,63	64,23% 460.328,45€	59% 621.400,17€	<b>SI CUMPRE</b>
2018	940.762,17	840.493,73	51,13% 364.224,64€	55,3% 520.790,77€	<b>SI CUMPRE</b>
2019 previsión	903.182,00	784.827,00	37,63% 268.090,47€	49% 444.749,00€	<b>SI CUMPRE</b>

Do anterior cadro pode comprobarse que desde o ano 2017 o Concello da Mezquita está por baixo do 75% de nivel de débeda e que ao mesmo tempo se rebaxou a mesma cun esforzo importante de amortización. Tal como se indica no informe emitido coa liquidación do exercicio 2018 e a Conta Xeral 2018 a amortización ordinaria no exercicio ascendeu a 57.041,30 € e procedeuse a unha cancelación anticipada de Prestamos por importe de 62.774 €.

Así mesmo, está a facerse fronte a un acordo extraxudicial con Gas Natural Fenosa co pago de 97.448,04 € no exercicio 2018 e unha previsión de 93.103 € no presente exercicio 2019 o cal nos permitirá situarnos nun escenario de cumprimento do período



medio de pago establecido legalmente. En canto ao vencemento da débeda nos próximos anos pode observarse no seguinte cadro:

CONCEPTO	VENCIMENTOS PREVISTOS NOS VINDEIROS EXERCICIOS									
	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027
Emisións de débeda	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Operacións con Entidades de crédito	36.355,00	36.355,00	24.747,99	21.166,64	9.166,64	9.166,64	9.166,64	9.166,64	9.166,64	9.166,64
Factoring sen recurso	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda con Administracións públicas (FFEL) (1)	13.437,50	14.444,11	40.482,23	66.520,35	66.520,35	66.520,35	66.520,35	66.520,35	14.025,49	0,00
Arrendamentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras operacións de crédito	7.248,80	7.248,80	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total vencementos</b>	<b>57.041,30</b>	<b>58.047,91</b>	<b>65.230,22</b>	<b>90.686,99</b>	<b>75.686,99</b>	<b>75.686,99</b>	<b>75.686,99</b>	<b>75.686,99</b>	<b>23.192,13</b>	<b>9.166,64</b>

Do mesmo despréndese que nos exercicios 2019 e 2020 debemos seguir aproveitando o período de carencia do FFEL para continuar realizando cancelacións anticipadas para acurtar o período de eliminación da débeda, así neste exercicio 2019 contemplamos o obxectivo de amortización anticipada por importe mínimo de 40.000 € para que o saldo de débeda viva a 31-12-2019 quede reducida a 444.749 € e no 2020 deberá cancelarse anticipadamente un mínimo de 74.000€ para reducir a débeda a 31-12-2020 a 350.000 €. Por último indicar que o Concello da Mezquita deberá proceder a equilibrar o custo dos servizos naqueles que presentan un importante desequilibrio singularmente os de abastecemento de auga e saneamento e o de recollida de lixo.”

### **3º.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E SOLICITUDE Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO DOURO DE LEGALIZACIÓN DE CAPTACIÓN DE AUGA PARA ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE A MEZQUITA.**

Visto o proxecto técnico redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Ana Álvarez García: “Proxecto de legalización de captacións no Concello de A Mezquita de marzo 2019”

Visto o informe da Confederación Hidrográfica do 26 de maio 2016 no que se sinala que para o informe favorable do PXOM de A Mezquita é preciso regularizar as captacións municipais ou polo menos INICIAR OS TRÁMITES PARA A SÚA OBTENCIÓN.

A proposta da Alcaldía que considera de vital interese para o desenvolvemento económico e social, o PXOM que se atopa na fase final da aprobación en aras a conquistar a regularización das captacións municipais o Pleno da Corporación por unanimidade,

#### **ACORDA**

**Primeiro.-** Facultar ao Alcalde-Presidente para tramitar diante da Confederación Hidrográfica do Douro á tramitación do correspondente expediente, actuando como comparecente.

**Segundo.-** Solicitar a Confederación Hidrográfica do Douro a legalización das Captacións Municipais de Auga dacordo co Proxecto de Legalización de Captacións no Concello de A Mezquita redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Pública D<sup>a</sup> Ana Álvarez García, adoptando polo tanto o Pleno da Corporación á solicitude de concesión dos caudais contemplados no referido Proxecto Técnico para cada unha das captacións municipais.

**Terceiro.-** Aprobar o Proxecto Técnico de legalización de captacións no Concello de A Mezquita redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Pública D<sup>a</sup> Ana Álvarez García da empresa DINOR S.L. encargado polo Concello de A Mezquita con data marzo 2019 remitindo 4 copias completas á C.H. do Douro coa solicitude de legalización de captacións.

**Cuarto.-** Solicitar da Confederación Hidrográfica do Douro visto o informe emitido o 26/05/2016, informe FAVORABLE sobre a suficiencia de recursos hídricos para aprobación do PXOM de A Mezquita.



#### **4º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2019 CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA, APROBACIÓN INICIAL.**

##### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

**SEGUNDO.** Emitiuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

**TERCEIRO.** Emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**CUARTO.** Emitiuse informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e, con data 25.04.2016 elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2019, do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación<sup>1</sup>:

##### **Suplemento en aplicacións de gastos**



Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	913,00	Amortización Prestamos	59.647	45.000	104.647
920	12000	Retribucións Básicas A1	13.780	344,86	14.124,96
920	12001	Retribucións Básicas A2	11.915	298,48	12.213,48
920	12002	Retribucións Básicas C1	8.496	674,28	9.170,28
920	12003	Retribucións Básicas C2	7.445	187,12	7.632,12
920	12004	Retribucións Bas E	6.814	171,32	6.985,32
920	12006	Trienios	14.210	377,34	14.587,34
920	12009	Pagas extra	21.045	473,15	21.518,15
920	12100	C. Destino	29.200	5.723	34.923,00
920	13000	C. Especific	47.106	10.253	57.359,00
920	13000	Persoal Lab.	25.091	3.668	28.759,00
231	13001	Traba. Social	20.874	569	21.443,00
231	13001	Auxiliar SAF	81.404	32.413,99	113.817,99
		<b>TOTAIS</b>	347.027	100.153,64	407.180,64

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

#### Suplemento en Concepto de Ingresos

PARTIDA	CI	Disminución	C FINAL
870.00	Remanente Tesoure. Gastos xerais	-100.153,64	-70.395
	170.548,64		

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.



b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### **5º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2019 POR TRANSFERENCIA DE PARTIDAS, APROBACIÓN INICIAL.**

**PRIMEIRO.** O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do Orzamento vixente mediante suplemento de crédito por un importe total de 84.636 euros.

Segundo o establecido nos artigos 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte, e o crédito consignado no Orzamento da Corporación resulte insuficiente ou non ampliable, o Presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

Os gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, segundo consta na Memoria suscrita pola Presidencia correspondense cos de suministro eléctrico recoñecidos extraxudicialmente e que se financiaran en base as seguintes baixas en Aplicacións de Gastos:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
1532	609 00	Inversións	51.000	51.000	0
1622	22799	Sogama	35.000	20.000	15.000
160	461 01	Mantemento Edar	13.636	13.636	0.-
		<b>TOTAL</b>	99.636	84.636	15.000

**SEGUNDO .** Coas baixas producidas fináncianse, de conformidade co artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 36.1.c) do Real Decreto 500/1990, os de créditos da aplicación de alumeado público de acordo co seguinte detalle:



Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Aumento	Créditos finais
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
165	221 00	Alumeado público	35.048	84.636	119.684
		<b>TOTAL</b>	35.048	84.6356	119.684

**TERCEIRO.** Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**CUARTO.** De acordo cos informes emitidos polos responsables das áreas correspondentes, as anulacións ou baixas de créditos non comprometidos que se propoñen no presente expediente, poden levar a cabo sen perturbar o funcionamento dos respectivos servizos.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes **ACORDA** a aprobación inicial da modificación de créditos 2/2019

Así mesmo o Pleno da Corporación acorda expor mediante anuncio no BOP o presente acordo polo prazo de quince días durante os cales os interesados poderán formular as alegacións que consideren. O expediente considerárase definitivamente aprobado se no citado prazo non se presentaron reclamacións contra do mesmo.

#### **6º.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2018.**

Vista a Conta Xeral do exercicio 2018 xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2018, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención Municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 12/03/2019 emitíu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2018.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia data 15/03/2019 a Conta Xeral, xuntamente co informe de devandita comisión, foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido de certificación librada polo Secretario Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público de devandita Conta, e oito máis, non se presentaron alegacións.



Visto o informe da Comisión Especial de Contas, celebrada o 26/04/2019, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por unanimidade o seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2018 comprendido pola Conta Xeral do propio Concello e do Consorcio Conso-Frieiras.

**Segundo.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

**7º.- ELECCIÓN POR SORTEO PÚBLICO MEMBROS MESAS ELECCIÓNS LOCAIS E O PARLAMENTO EUROPEO 2019**

Realizado o correspondente sorteo público para elixir os membros para a constitución das mesas electorais a formar con motivo da convocatoria das “ELECCIÓNS XERAIS 2019”, resultan elixidas as personas que a continuación se relacionan para os cargos que se reseñan, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e os efectos do establecido nos artigos 27.5 e 101.2 de dita lei:

Circunscrición Electoral <i>Circunscrición Electoral OURENSE</i>	Municipio <i>Municipio A MEZQUITA</i>	Distrito Censal <i>Distrito Censal 1</i>	Sección <i>Sección 001</i>	Mesa <i>Mesa A</i>	Junta Electoral de Zona de <i>Xunta Electoral de Zona de ELECTORAL DE ZONA VERIN</i>
---	--	---	-------------------------------	-----------------------	---

CARGO EN LA MESA <i>CARGO NA MESA</i>	1r APELLIDO <i>1r APELIDO</i>	2.º APELLIDO <i>2.º APELIDO</i>	NOMBRE <i>NOME</i>	D.N.I. <i>DNI</i>	Nº ELECTOR <i>Nº ELECTOR</i>	DIRECCIÓN <i>ENDEREZO</i>
--	----------------------------------	------------------------------------	-----------------------	----------------------	---------------------------------	------------------------------

**TITULARES/TITULARES**

PRESIDENTE/A D/Dª <i>PRESIDENTE/A D/Dª</i>	<b>GARCIA</b>	<b>LUIS</b>	<b>ENCARNACION</b>	<b>34717793Y</b>	<b>328</b>	<b>RUA SANTA EUFEMIA 5 ESCULQUEIRA (A) ESCULQUEIRA (SANTA EUFEMIA)</b>
1r VOCAL:D/Dª <i>1r VOGAL:D/Dª</i>	<b>ALONSO</b>	<b>DIEGUEZ</b>	<b>MARCOS</b>	<b>34631302H</b>	<b>7</b>	<b>RUA SAN ROQUE 32 SANTIGOSO SANTIGOSO (SAN SIMON)</b>
2.º VOCAL:D/Dª <i>2.º VOGAL:D/Dª</i>	<b>LUIS</b>	<b>BARRERA</b>	<b>JESUS</b>	<b>34981209A</b>	<b>397</b>	<b>RUA SAN MARTIÑO 45 MEZQUITA (A) (SAN MARTIÑO)</b>

**SUPLENTES/SUPLENTES**

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª <i>1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª</i>	<b>GOMEZ</b>	<b>VILA</b>	<b>MARIA ELENA</b>	<b>44447957C</b>	<b>344</b>	<b>RUA ESTRADA 12 VILAVELLA (A) VILAVELLA (A) (SANTA MARIA DA CABEZA)</b>
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª <i>2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª</i>	<b>FERNANDEZ</b>	<b>DOMINGUEZ</b>	<b>DAYAN</b>	<b>34633006C</b>	<b>254</b>	<b>RUA NOVA 58 MEZQUITA (A) (SAN MARTIÑO)</b>
3º DE PRESIDENTE/A:D/Dª <i>3º DE PRESIDENTE/A:D/Dª</i>	<b>GARCIA</b>	<b>BARRIO DE</b>	<b>AURORA ISABEL</b>	<b>34938673V</b>	<b>304</b>	
1r DE 1r VOCAL:D/Dª <i>1r DE 1r VOGAL:D/Dª</i>	<b>RODRIGUEZ</b>	<b>VIDUEIRA</b>	<b>JOSE ANTONIO</b>	<b>76709326W</b>	<b>549</b>	<b>AVDA CONSTITUCION (DA) 46 MEZQUITA (A) (SAN MARTIÑO)</b>
2º DE 1r VOCAL:D/Dª <i>2º DE 1r VOGAL:D/Dª</i>	<b>ALVAREZ</b>	<b>GONZALEZ</b>	<b>CRISTINA</b>	<b>34985540X</b>	<b>18</b>	<b>RUA LIBERDADE (DA) 24 MEZQUITA (A)</b>



VOGAL:D/Dª						(SAN MARTÍNO)
3º DE 1r VOGAL:D/Dª 3º DE 1r VOGAL:D/Dª	<b>ANDRES</b>	<b>BALLESTER OS</b>	<b>PLACIDO SANTIAGO</b>	<b>76724604P</b>	<b>26</b>	
1r DE 2º VOGAL:D/Dª 1r DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>FERNANDEZ</b>	<b>DOS SANTOS</b>	<b>NOEMI</b>	<b>34632658V</b>	<b>255</b>	
2r DE 2º VOGAL:D/Dª 2r DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>RODRIGUEZ</b>	<b>FERNANDEZ</b>	<b>MAQUILINA</b>	<b>76714757M</b>	<b>520</b>	<b>RUA SOBREOSMUIÑOS 141 PEREIRO (O) PEREIRO (O) (SAN PEDRO)</b>
3º DE 2º VOGAL:D/Dª 3º DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>MARTINEZ</b>	<b>MARTINEZ</b>	<b>FRANCISCO</b>	<b>34976042B</b>	<b>426</b>	<b>RUA NOVA 33 BLQ 1 POR 3 PISO P02 PTA B MEZQUITA (A) (SAN MARTÍNO)</b>

**N.2**

Circunscrición Electoral Circunscrición Electoral OURENSE	Municipio Municipio <b>A MEZQUITA</b>	Distrito Censal Distrito Censal <b>1</b>	Sección Sección <b>01</b>	Mesa Mesa <b>B</b>	Junta Electoral de Zona de Xunta Electoral de Zona de <b>ELECTORAL DE ZONA VERIN</b>	
CARGO EN LA MESA CARGO NA MESA	1r APELLIDO 1r APELIDO	2.º APELLIDO 2.º APELIDO	NOMBRE NOME	D.N.I. DNI	Nº ELECTOR Nº ELECTOR	DIRECCIÓN ENDEREZO

**TITULARES/TITULARES**

PRESIDENTE/A D/Dª PRESIDENTE/A D/Dª	<b>AUGUSTO</b>	<b>DOS SANTOS</b>	<b>ANA</b>	<b>76720428H</b>	<b>9</b>	<b>RUA REAL 32 PISO P01 PTA A CHAGUAZOSO CHAGUAZOSO (SANTIAGO)</b>
1r VOGAL:D/Dª 1r VOGAL:D/Dª	<b>PINHEIRO</b>	<b>DA FONSECA</b>	<b>ALEXIS</b>	<b>44464812Q</b>	<b>214</b>	<b>RUA REAL 20 CHAGUAZOSO CHAGUAZOSO (SANTIAGO)</b>
2.º VOGAL:D/Dª 2.º VOGAL:D/Dª	<b>ALFONSO</b>	<b>BORGES</b>	<b>LUIS</b>	<b>76730041V</b>	<b>2</b>	<b>RUA PORTELIÑA 3 CADAPOS CADAPOS (SANTA MARIA MADANELA)</b>

**SUPLENTES/SUPLENTES**

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª 1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	<b>GARCIA</b>	<b>BARRIO</b>	<b>ELISA</b>	<b>34629552Q</b>	<b>121</b>	<b>RUA FONTE (A) 54 MANZALVOS MANZALVOS (SANTA MARIA)</b>
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª 2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	<b>PEREZ</b>	<b>RODRIGUEZ</b>	<b>JOSE ANTONIO</b>	<b>76726162W</b>	<b>205</b>	<b>RUA FONTE (A) 17 MANZALVOS MANZALVOS (SANTA MARIA)</b>
3º DE PRESIDENTE/A:D/Dª 3º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	<b>LABIAN</b>	<b>MANZANARES</b>	<b>Mª PILAR</b>	<b>18026853M</b>	<b>164</b>	
1r DE 1r VOGAL:D/Dª 1r DE 1r VOGAL:D/Dª	<b>GONZALEZ</b>	<b>CARRACEDO</b>	<b>RAFAEL</b>	<b>52370378E</b>	<b>151</b>	<b>RUA SAN XOAN 38 CHAGUAZOSO CHAGUAZOSO (SANTIAGO)</b>
2º DE 1r VOGAL:D/Dª 2º DE 1r VOGAL:D/Dª	<b>PEREIRA</b>	<b>ANGELES DE LOS</b>	<b>JOSE</b>	<b>14593161R</b>	<b>190</b>	
3º DE 1r VOGAL:D/Dª 3º DE 1r VOGAL:D/Dª	<b>FERNANDEZ</b>	<b>MIELGO</b>	<b>EMILIO</b>	<b>76721790T</b>	<b>96</b>	
1r DE 2º VOGAL:D/Dª 1r DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>PEREZ</b>	<b>CARBALLAL</b>	<b>JOSE ANTONIO</b>	<b>34906293K</b>	<b>194</b>	<b>RUA ALEGRIA 44 PTA B CHAGUAZOSO CHAGUAZOSO (SANTIAGO)</b>
2º DE 2º VOGAL:D/Dª 2º DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>RIO DEL</b>	<b>CEBALLOS</b>	<b>JOSE</b>	<b>76775034E</b>	<b>222</b>	<b>RUA ADUANA 27 CADAPOS CADAPOS (SANTA MARIA MADANELA)</b>





3º DE 2º VOCAL:D/Dª 3º DE 2º VOGAL:D/Dª	<b>PEREIRA</b>	<b>ARES</b>	<b>NEREA</b>	<b>34628868E</b>	<b>192</b>	
---	----------------	-------------	--------------	------------------	------------	--

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,